

# Ourense visto por Otero Pedrayo

Olga Gallego

**F**alar de Otero Pedrayo non é tarefa doada, dada a categoría intelectual e humana do chamado Patriarca das Letras Galegas.

A súa humanidade é perfectamente coñecida por todos os ourensáns, os de onte e os de hoxe. A súa faceta intelectual é multiforme, pois cultivou toda clase de xéneros literarios, áinda que non ben delimitados, pois interfiren uns doutros con moita frecuencia (poesía, teatro, novela realista e cultural, narrativa, ensaios, xornalismo, historia, xeografía, etc.).

En toda a súa obra debemos destacar o qué Carballo Calero chama estilo “asiático”, “sementado de citas e alusións culturais, como o dun escritor helenístico da corte dos Ptolomeos, manxar requintado para uns poucos escolleitos, resulta de insoportable dixestión, e áinda inxestión para o home que non posúe unha preparación humanística axeitada”.

Claro que estas dificultades non alcanzan a toda a súa obra. Áinda que moitos dos seus admiradores non o llían, non é menos certo que o vían e o oían e que admiraban o que oían e vían.

A popularidade de Otero naceu da súa oratoria. Para moita xente, escoitar unha conferencia de Otero era máis fácil que ler un libro seu. Con ser un bo escritor, fixose finalmente célebre polos seus discursos e a pesar dos seus escritos.

A súa oratoria era abraiante e a súa imaxinación non tiña límites. Movíase con seguridade e rapidez por todos os recunchos da linguaxe figurada. Descoñecía a fatiga e tiña unha capacidade extraordinaria de improvisación oral. A súa sólida cultura impédalle perderse nunha elocuencia baleira. Axudábano un agradable timbre de voz e un imponente soporte somático.

Aínda que a calidade específica do orador é o poder de persuasión lóxica, no seu caso isto era superado pola elevación máxima e lírica de poeta. Mentre a oratoria busca persuadir, a de Otero tenta, sobre todo, emocionar.

A súa literatura é ante todo romántica, con tendencia á improvisación e cunha gran riqueza evocativa, elexíaca, melancólica e barroca, dun estilo lírico con abundancia e riqueza de imaxes (comparacións e metáforas). Neste senso, o seu estilo é, como dixo Valcárcel, inimitable e irrepetible. Pero, en contraste, aparece un segundo estilo, caracterizado por unha austerdade e unha economía expresiva na que predomina a frase curta e breve de ordenación sintáctica sinxela.

Este preámbulo vén a conto porque toda a obra de Otero está impregnada destas características e dun sentido profundo de Galicia, pois ensinounos a ver Galicia dun xeito completamente novo. O galeguismo de Otero tiña que ver cun certo reintegracionismo en Europa, ao dicir dalgún autor. Sentía Galicia como parte de Europa, pero asentada sempre nas súas raíces e nos seus valores.

## A presenza de Ourense en Otero historiador

Ourense, a súa paisaxe, a cidade e as rúas, as cores e os sons, as súas xentes e as súas peripecias están presentes en toda a obra de Otero, tanto a través da súa obra narrativa e poética coma nos seus estudos de investigación e divulgación histórica, pero eu só me vou referir á visión que nos deixou nas obras de historia, pequenos artigos recollidos en parte por Monxardín e Rivas en 1996.

Dentro dainxente obra de Otero, a histórica é un xénero menor que ten cualidades propias. Como historiador, o mesmo que como xeógrafo ou erudito, Otero vivía esteticamente estas tarefas. Era dono dunha singular fantasía para a reconstrución novelada da historia. Coñecía o século XIX como se áinda vivise nel.

Tamén rezuma melancolía ao revivir o pasado, saudade dos tempos idos, do Antigo Réxime, do mundo tradicional, estruturado socialmente arredor do clero regular, da fidalguía e do campesiñado nunha época en que o seu estro áinda se alimentaba dun romanticismo serodio. Todo o vive coma se estivese lembrando a súa adolescencia, no plano persoal, e coma se lembrase o século XIX no plano colectivo, nun momento de crise que dá paso a unha burguesía mercantil de orixe foránea.

O sentimento da paisaxe, conformada pola acción múltiple das forzas da natureza e da actividade humana, está presente tamén na súa obra histórica, acompañando a traxectoria vital dos personaxes e formando o pano de fondo da comunidade.

Na historia foi, pois, un gustador da paisaxe. As páxinas dedicadas por el a describir as impresións da paisaxe son incontables. Así e todo, estaba moi lonxe de ser un paisaxista do estilo de Azorín.

A súa historia, segundo Baliñas, é estética, no sentido máis amplio da palabra, de sentir e facer sentir os valores daquel pasado de que informaba. A Galicia que describe era estética, tomando a paisaxe como concepto básico. Estaba, pois, nos antípodas das estatísticas, das porcentaxes e das medicións de calquera tipo, nunha palabra, da historia positivista, de orientación obxectiva e crítica, baseada nos documentos, áinda que non a desbotou nalgún intre, malia recoñecer non posuér a metodoloxía axeitada.

Do historiador e do xeógrafo espérase unha sobriedade fría, obxectiva, isto é, un estilo de enunciados secos, sen emocións nin valoracións, ou sexa, obxectividade. Mais, como historiador pecha de caer no literario.

Foi un representante da historia romántica, que se desenvolve a finais do século XIX e comezos do XX, caracterizada pola falta de sentido crítico, a acumulación de documentos sen vontade de análise, descriptiva, simple crónica dos feitos más notables. É tamén un precursor e representante da historia rexional e local, que se desenvolve en España arredor de 1970.

A contribución de Otero está, ante todo, nas ideas que suxire e non na base documental que as soporta. El non sentía a necesidade de demostrar moitos feitos que consideraba evidentes. A súa obra é de carácter puntual e desprovista de grandes preocupacións metodolóxicas.

Non era proclive á cita de fontes, áinda que as coñecía perfectamente. As fontes utilizadas poucas veces as menciona, e, cando o fai, é de pasada, citando o Arquivo (AHPOR. AHN) ou dun xeito indeterminado: "papeles en mi poder, papeles familiares". Só se detén en notas nas obras máis logradas, como o da Encomenda de Beade.

Utilizou amplamente fontes modernas, catastrais e institucionais: do Catastro de Ensenada da cidade de Ourense, Documentación da Delegación de Hacienda de Ourense e os libros de actas do Concello de Ourense. A consulta desta documentación, con moita probabilidade, foille suixerida e incluso facilitada por Ferro Couselo e, mesmo, o arquivo da Deputación.

Fai, así mesmo, grande uso da memoria familiar e da tradición oral, recollida nas tertulias da súa casa e dos amigos.

### Obras históricas sobre Ourense

A falta de límites nos diversos xéneros das súas obras reflíctese tamén ao tratar de fixar as obras de historia, pois moitas veces están a cabalo do ensaio, da novela histórica, dunha simple narración, relato ou crónica, dun artigo de xornal ou dunha evocación poética. Por outra parte, moitos elementos históricos están esparexidos en novelas, contos, relatos e toda clase de ensaios. Era escritor antes que literato. Ao dicir de Baliñas, "Escribía y hablaba para desahogar las emociones estéticas que le embargaban".

ban. Pero tan literato que no podía por menos de sentir literariamente cualquier tema, incluso los que habitualmente se considera deben ser tratados con rigor y sobriedad científica".

Deixando a unha beira as novelas culturais, nas que relata a decadencia da fidalguía galega e do mundo dos pazos, o momento en que o auxe do capitalismo incide na sociedade galega do século XIX, causando a perda dos valores tradicionais por el tan queridos, das historias e guías de Ourense, imos concentrarnos nas obras relativas a Ourense, cidade que el tan ben coñecía e sentía, porque nesta cidade naceu, criouse, viviu e morreu.

As obras históricas de Otero sobre Ourense consisten en artigos curtos de temas moi variados, exposicións menores dentro da súa producción literaria, publicados en revistas especializadas e, en xeral, pouco sistemáticas.

Moitos dos seus artigos están dedicados a estudar os séculos XVIII e XIX, polos que sentía unha extraordinaria predilección. Outros tratan da historia dunha institución, como os dedicados ás Encomendas de Ordes Militares, con tratamiento variable. Hai artigos de economía local e outros de non doada clasificación. Uns son tratados como ensaios, outros como crónicas, como simples notas, como evocacións poéticas, etc. Por último, biografías de ourensáns, do que non imos traçar.

Do século XVIII trata o tema dun memorial do conde de Guzmán que no outono de 1799 atravesa o sur de Galicia desde A Gudiña ata Ourense camiño de Pontevedra, pasando polo Carballiño, co gallo de facer un informe sobre as vías de comunicación. Nel dá noticias xeográficas, humanas e económicas das principais poboacións de Ourense (A Gudiña, Monterrei, Xinzo, Allariz, O Carballiño...), comentadas por Otero. Neste memorial maniféstase o abandono das infraestruturas de comunicación e o atraso que por aquí se vivía. A fonte utilizada foi o Arquivo da Deputación.

Nas "Estampas de Ourense a mediados do XVIII" contou coa fonte do Catastro de Ensenada, levantado en 1752 e custodiado no AHPOR. Respostas xerais, Reais de Legos e de Eclesiásticos e Libros Persoais de Legos e de Eclesiásticos de Ourense.

Neste caso concreto cónstanos que quen lle falicitou a información foi Ferro Couselo: libros de actas do concello e documentos familiares, segundo el mesmo nos di.

Trátase dun percorrido xeográfico, histórico e antropolóxico da vida da cidade durante os séculos XVIII e XIX, ateigado de suxestións. Aquí soubo enxergar a morea de datos do Catastro coa súa imaxinación habitual, pero a mesma fonte facilitoulle a sistematización da información na cidade, as rúas do sur, rúas do norte, rúas do oeste, as casas, os oficios, as profesións, o goberno da cidade, a Igrexa e algúns aspectos da cidade e do seu vivir. Fala do nacemento da cidade á calor das Burgas e como cruzamento de camiños, coincidindo con Cuevillas e con Ferro Couselo, dos muros da cidade e das súas portas, da praza maior, onde se celebraban as festas. As rúas ordenábanse entre liñas de sur a norte (Barreira-Villar, Corona-Moratín; Hernán Cortés-Reina Victoria), describe as principais casas que albergaban. As rúas do leste, dende a catedral, praza do Trigo, Santa María. Pasa logo ás rúas do norte. Sostén que Ourense é prototipo das vilas dispostas en circos arredor da praza e da igrexa e logo desenvolvidas linealmente polos camiños, sobre todo na dirección imposta pola Ponte. A continuación fala dos salidos que describe.

No capítulo dedicado ás casas describe as casas principales de pedra e as casas correntes con beirís de pallabarro. O primeiro corpo de pedra con porta redonda ou alinteladas con adega e corte.

Son de carácter económico sobre o século XVIII os pequeños traballos sobre producción e comercio de liños e lenzos, sobre a exportación da cera e sobre a economía de Ourense no século XVIII e comezos do XIX, publicados entre 1958 e 1961. As fontes citadas son documentos da Delegación de Facenda de Ourense, hoxe no AHPOR, que lle debeu facilitar Ferro Couselo. Interesan principalmente porque dá noticia das actividades comerciais do século XIX dunha serie de comerciantes de orixe leonesa (maragatos) e zamorana (Vilardecervos) que fundaron

empresas de prestixio e construíron moi fermosos edificios modernistas na cidade (Romero, Bobo, Junquera, Santiago, García). Ábrenos, ao mesmo tempo, unha fiestra para o coñecemento das importacións e exportacións comerciais da época (cera e mel) más alá das nosas fronteiras (Tordesillas e Turégano).

En “Producción de linos y lienzos”, de 1961, dános conta das importacións e exportacións de tan importante mercadoría en Ourense e Dacón.

En “Algunas notas sobre la economía de Orense y su provincia a fines del XVIII”, publicado en 1960, dá conta das rendas provinciais que nos levan ao consumo de carne e os carniceiros que a vendían e os pagamentos que facían os administradores. Proporcionanos os nomes dos comerciantes de Ribadavia en 1791 e os xéneros que vendían, así como os de Maside. Seguían traficando por aquí os maragatos e os cervatos (Romero, Junquera, Bobo, Santiago). Párase nos prezos das “puertas de Orense”, que nos facilitan información sobre as importacións (chocolate, queixo de Flandes, etc.).

O século XIX, moi caro para Otero, trátalo desde diversos puntos de vista. Comeza por un ensaio en 26 páxinas sobre a desamortización eclesiástica en Ourense, que publica en 1955, dos mosteiros e conventos da provincia e doutros que tiñan propiedades e rendas na nosa provincia, como San Martiño Pinario, San Paio de Antealtares, Sobrado dos Monxes, Acibeiro, Carracedo, San Martín de Castañeda, San Benito de Montes, San Benito de Valladolid, Santo Agostiño de Santiago, Terceiros de Melide, Mercedarios de Conxo, etc. e Encomendas da Barra e da Batundeira.

Vai precedido dunha reflexión xeral sobre o proceso desamortizador, valorando negativamente a revolución burguesa e as medidas agrarias postas en marcha pola desamortización. Considera necesario o seu estudo para a comprensión da historia social e económica dos séculos XIX e XX, e fai un percorrido pola legislación desamortizadora. Recoñece a dificultade pola rigorosa preparación metódica que esixe e porque o tema ainda non fora abordado en conxunto.

Analiza algunas posicións sobre o problema da desamortización e, de seguido, proporciona unha fervenza de datos económicos de rendas e poxas sen estruturar.

Tamén aquí utilizou a documentación das Oficinas de Arbitrios de Desamortización, existentes no AHPOR.

“La reposición del Antiguo Régimen en Orense en 1823”, publicado en 1953, vén ser unha pequena crónica do afundimeto do Antigo Réxime e o mergullamento no réxime absolutista ou década ominosa. É a súa primeira aproximación á historia política administrativa da cidade e provincia, na que volverá insistir noutros traballos.

A fonte utilizada son as Actas do Concello, que figuran na nota 7: “Los libros de Acuerdos del Ayuntamiento de Orense han sido la base casi única del presente trabajo”. Son traballos de síntese de varios artigos como “La Iglesia y la vida religiosa en Orense”, “Orense y las tierras orensanas”, “Formas y expresiones de la cultura en Orense” e “Paisajes, formas y ritmos de vida del Orense décimonónico”.

No primeiro, “La Iglesia y la vida religiosa en Orense”, en 13 páxinas, dános unha visión de síntese dos cambios producidos na igrexa ourensá dende a morte do cardeal Quevedo, Rexente do Reino, ata o bispo Carrascosa, comentando as vicisitudes acontecidas dos prelados intermedios, Iglesias Lago, Lastra y Cuesta e Cesáreo Rodrigo, e a volta dos franciscanos. Di que só pretende ordenar algúns datos, noticias e relacións para que puedan servir para a historia e a posible vivencia do Ourense decimonónico. Albíscase a utilización como fonte, en parte, dos libros de actas do concello e dos Boletíns Eclesiásticos da diocese, aínda que o autor non cita fonte ningunha.

No segundo, “Orense y las tierras orensanas”, en 32 páxinas, narran a vida política, oficial e administrativa, dividida en dous capítulos: de 1818 a 1834 e de 1834 a 1868, cunha gran riqueza de datos, datas, nomes e sucesos ata finais do século XIX, relatados con gran viveza. As fontes, que tampouco cita, son os libros de actas municipais e os Boletíns Oficiais da Provincia.

No terceiro, "Formas y expresiones de la cultura en Orense", en 24 páxinas, completa os anteriores, facendo un percorrido pola vida cultural da cidade. Lembra personalidades, momentos e formas esquecidas (inauguración da estatuta do padre Feixoo e da de Concepción Arenal, Lamas Carvajal, dona Emilia Pardo Bazán), institucións (Instituto de Segundo Ensino, Comisión Provincial de Monumentos, Biblioteca e Museo Provinciais, Sociedad Económica de Amigos del País, Imprentas de Pazos y Lozano e a publicación do Boletín Oficial) e persoeiros (Bendoya, Saco y Arce, Marcelo Macías). Está dividido en dous capítulos: o primeiro ata o ano 1850 e o segundo dende 1850 ata final de século.

No derradeiro, "Paisajes, formas y ritmos de vida del Orense décimonónico", en 12 páxinas, evoca o paso do tempo e lembra as modificacións estéticas da cidade a finais do século XIX. As novas construcións, a desaparición das portas, a nova estrada, a paisaxe (a invasión dos piñeiros, a modificación da estrutura dos viñedos: viñedos sobre postes e viñedos baixos ou lobios) as festas (relixiosas e do Carnaval), etc.

"O cementerio de Orense" e "Notas sobre a Ponte Maior" poden clasificarse dentro deste mesmo grupo de obras sobre o século XIX.

O primeiro, en oito páxinas, trata da orixe do cemiterio da cidade, unha necesidade acuciante cando o rexistro de mortos pasou ao poder civil, cuxo primeiro proxecto data de 1820, aproveitando parte do cemiterio do convento de San Francisco e a doazón da Marquesa viúva de Bóveda de Limia, dona María Miranda. Lembra algúns dos antigos cemiterios da Trinidad, San Roque, Santa María Nai e as vicisitudes polas que pasou o novo ata a súa inauguración solemne en 1834. Trata, de pasada tamén, sobre algunas ermidas (Santa Eufemia, Mende, Porto Vello, San Lázaro, Posío e Santa Teresa) e cruceiros.

As "Notas sobre a ponte de Ourense" é un pequeno traballo de tres páxinas sobre os avatares da ponte dende a guerra da Independencia co paso das tropas francesas e españolas ata

1874. A fonte que forneceu o traballo parece que foron as actas municipais, áinda que non as cita.

Unha monografía sobre "Un pleito jurisdiccional entre la Mitra de Orense y los benedictinos de Chantada", en oito páxinas, de 1949, trata dun enconado e longo preito (promovido no século XVII e que chegou ata o XIX co bispo Quevedo) sobre o patronato do beneficio curado de Santa María do Campo, dos bispos de Ourense co mosteiro beneditino de San Salvador de Asma, en Chantada, ben documentado e con abundantes notas aclaratorias que amosan a súa erudición, incluso en asuntos tanxenciais, pero de interese, como o Camiño dos arrieiros polo Ribeiro de Avia e o Trasdeza. As fontes cítaas na nota 1: "Los documentos citados en este estudio obran en nuestro poder".

Teñen unidade temática un grupo de tres artigos sobre as Ordes Militares de San Xoán ("Jurisdicción de la Encomienda de Beade sobre San Juan de Ribadavia", do ano 1946 e "La Encomienda de Beade", de 1963), e da Orde de Alcántara ("Notas para la Encomienda de la Batundeira", publicada en 1961). Tema que lle era moi grato e reiterativo na evocación poética que zumega saudade dos tempos idos nunha páxina de "Os cabaleiros da espora dourada e os brancos mantos".

O primeiro trata sobre un preito sostido pola Encomenda de Beade co bispado de Tui pola antiga xurisdicción de San Xoán Apóstolo de Ribadavia. Este preito foi o máis encarnizado sostido pola Orde pola súa duración, encarnizamento e variadas derivacións, contra o bispo de Tui, en cuxa diocese radicaban a maior parte dos bens e dereitos da Encomenda. San Xoán de Ribadavia fora encomenda e no século XVII estaba agregada á de Beade coa súa xurisdicción. Unha bula de Gregorio XV de 1622 foi o detonante para que os bispos comezasen a pretender as visitas, que sempre se lle resistiran. O preito ainda seguía en 1728, moito despois do auto do Nuncio Pompeo Aldobrando, que deu a victoria do esencial ao bispo frei Anselmo de la Torre.

Estas notas, como as titula o autor, límitanse a certos actos xurisdicionais da Orde na parroquia de San Xoán, verificados

entre 1692 e 1713, como eran a excomunión dun veciño que se resistiu violentamente a contribuír ás reparacións da Igrexa, ou a resistencia dun presbítero que vendimou unha viña foreira da Orde sen autorización e ameazou o mordomo de Beade e foi preso. Manifesta o autor que utilizou como fonte o Archivo de Hacienda de Ourense, hoxe AHPOR.

O segundo, en 54 páxinas, é a obra histórica máis lograda polo autor e, ao dicir de Ferro Couselo, modélica, ben estruturada, que abrangue os seguintes capítulos: "Valor y significación del tema sanjuanista en Galicia". "Ámbito histórico y geográfico de este trabajo". Lembra a escaseza de traballos sobre este asunto e as facilidades que Ferro Couselo lle proporcionou para a consulta da documentación do AHPOR.

Comeza a falar dos templarios en Galicia, da súa relación cos hospitalarios e os escritores que lle dedicaron algunha atención, considerando como moi valiosa a documentación sobre a Orde existente no Arquivo de Ourense. Estuda a distribución xeográfica dos bens e dereitos por partidos de extensión moi variable (Ribadavia, Casco, Avia acá, Avia allá, Oroso, Mourentán, Luneda, Tortoreos, Porto, Bugarín e Xunqueiras, Tebra, Castrelos, Val Miñor, Morrazo, Comeda, Soutolongo, antigas provincias de Ourense e Tui, nas ribeiras do Avia e do Miño, principalmente, e terras de Deza e Camba). Cada partido podía estar formado por unha ou varias parroquias e agregadas. Pasa logo á desaparición do patrimonio na Desamortización e á supresión das xurisdicións exentas en 1874.

No seguinte capítulo trata da organización e vida espiritual e gobernativa da Encomenda que comprende as facultades dos comendadores, espirituais e temporais, rendas que perciben (dezmos), xurisdición e cargos de xuiz, alguacil, etc., visitas a que eran sometidos pola Orde, obrigas dos comendadores (rezos, xeúns, vixilias, levar mantos de puntas e as cruces da Orde).

O Edicto de pecados invitaba ao pobo a manifestar publicamente as inxustizas e agravios cometidos polo comendador e outras autoridades, e os pecados públicos dos seglares.

A preocupación polo patrimonio obrigaba a facer apeos e tumbos.

Tiñan vicarios, administradores e mordomos para a administración dos beneficios, das rendas, xuíces e escribanos ou meiriños nos coutos.

O capítulo II trata da vida económica e da nómina de comendadores. As bases e os ritmos que marcan a vida económica da Encomenda son semellantes aos que sustenta e ordena a economía dos pazos. Semella a Encomenda a un morgado, cos seus dominios, foros, os seus dereitos de variados tipos, as súas percepcións por xurisdición señorial, dezmos, dereitos de presentación de beneficios, conflitos con outros señores da terra. Os ingresos eran de orixe espiritual (pé de altar e cura de almas, dezmos e primicias, lutoosas); de orixe temporal (cultivo directo, foros e arrendamentos, dereitos de señorío (servizos e prestacións persoais, barcaxes, postos nas feiras).

As cargas da Encomenda consistían nas cantidades dadas aos priores, ao Comendador e á Orde. O sobrante era dedicado á hospitalidade. Logo dános unha pequena nómina de comendadores de Beade.

O capítulo III está dedicado ao Partido do Casco, subdividido en: A) "Historia y descripción de la cabeza de la Encomienda" (Santa María de Beade e Reigadas) coa casa palacio, viña, horta, ermida da Carreira, San Roque, Portela e San Marcos, adega con 39 cubas (en 1655), mobles, etc. Menciona algúns conflito de etiqueta, algúns fraudes nas vendimas e lembranzas de tradición oral, finaliza cunha descripción da igrexa, retablo e sepulcros. B) "Foros antiguos y conflictos de xurisdicción". Pertencían ao Casco 128 foros de diversos séculos (XIV-XVIII). C) "Algunas noticias y referencias sobre Beade". Remata coa lembranza de varios franciscanos, o padre Medela, beneditinos, Sobreira e Salgado, e dominicos, frei Nicolás de Castro, nados nesta terra, e os ataques sufridos cos franceses, carlistas e realistas. Dedica unha lembranza á Obra Pía de Beade, dedicada a escola de latinidade.

O terceiro consta só de 3 páxinas nas que sitúa xeograficamente a Batundeira, na parroquia de Velle, a 3 quilómetros das pontes de Ourense. As fontes que utiliza son do AHN e límítase á historia dende o século XVII ata a Desamortización. Mencióna algúns comendadores, as rendas de 280 fanegas de centeo e 5 de trigo. Percorre varios arrendatarios. Os bens atopábanse espallados en Ourense, Celanova, Xinzo, Allariz, Ribadavia e Señorín.

Unha evocación poética nun tema para Otero moi querido, o dos freires das Ordes Militares, é a páxina dedicada “Os cabaleiros da espora dourada e os brancos mantos”, que zumega saudade dos tempos idos.

Moi interesante é o “Ensayo sobre las variaciones fisiognómicas de la calle orensana durante medio siglo”, de 1952, en 21 páxinas. Dinos que trata de ordenar lembranzas propias co mínimo de obxetividade necesaria para contribuír ao estudo dealgúns problemas de xeografía política e psicolóxica, fisiognómica. É, en realidade, un auténtico ensaio de fisiognomía, cunha chea de reflexións e ideas sobre as rúas da súa cidade no que trata con mestría non superada do ritmo e variacións do factor humano na rúa. Está dividido en dous capítulos:

I. A) “Tema”. Trata do estudo da rúa na cidade de Ourense como xeografía política, psicolóxica e fisiognómica coa necesidade de referirse a feitos e vivencias doutros tempos, pois as rúas son grandes sintetizadoras e posúen vivísima memoria.

B) “Tres consideraciones preliminares”. Fixa o concepto de rúa, que non é un camiño bordeado de casas. Hai que engadirlle o factor psicolóxico. A cidade defíñese pola rúa, pola vivencia da rúa. Esta é, segundo Otero, espazo determinado por casas, predominantemente por moradas familiares. O muro dun convento, un horto, atenuán a sensación de rúa; non hai rúa en pleno sentido e función se non pasa a segundo termo ou queda ignorada a personalidade dos veciños.

En Ourense e nas cidades galegas, no inicio e na metade do século XIX, cada porta pechaba unha vivenda fidalga, burguesa ou artesá. O aumento da masa e a disposición en andares deulle á escalaera unha función semellante á de rúa. Neste traballo vai apuntar o proceso de adensamento ou cristalización da cidade. Cada rexión ten uns principios típicos de rúa, pero cada época incorpora os seus, como consecuencia da necesidade, de cambios de gusto e tendencia, da imitación. Disto nacen a rica variedade de formas da rúa: paralelas, mesturadas, combinadas, os arcaísmos. Hai que ter en conta, tamén, o afondamento dos camiños, ás veces da rúa, e os cambios de nivel por efecto da erosión do fluir do tráfico urbano. Nos primeiros anos do século XIX predominaban nas rúas os brancos, ocres e vermellos, combinados co gris da pedra grazas ás construcións de pallabarro e de pedra encalada, que contrastaban co verde dos viñedos e cos roxos dos ladrillos planos de paredes e chemineas.

Moitas casas estaban en ruína e abundaban os beirís e os pasadizos que cruzaban as rúas, como o da casa de María Andrea. As casas de pedra non eran moitas e databan da Idade Media e do Renacemento. A principios do século XIX xa estaban construídas as casas de pedra. Os vans consistían en ventás altas ou pequenas, rectangulares. Nos baixos dominaba a porta de medio punto a beira dunha única ventá, moitas veces despacho dunha tenda ou dun obradoiro artesán. Salientaban as portas das adegas cos seus clásicos enreixados. Os tellados roxos ou grises con mansardas e chemineas de tellas. As bufardas. O proceso de cristalización uniformou as fachadas das casas, canalizando as rúas coa supresión dos beirís. Suprimíronse os beirís, corrixíronse os esquinais e ensancháronse as rúas. Formaban debuxos os coios do río nos pavimentos das rúas e das prazas, rematados con beirarrúas, envoltas en tons grises con outra luz reflectida nos coios e na chuvia. A maioría das rúas seguían cos vellos enlousados.

C) “Génesis de la calle orensana”. A cidade goza do privilexio da rúa debido ao factor relixioso da cátedra episcopal; ao poder atractivo sobre os camiños e á esfera do comercio; a bur-

guesía forte, segura e renovada, nutrita da inmigración, seleccionada polo lucro e as raíces labregas. Á súa beira hai que contar a artesá, que impón mellor a força e o valor da rúa contra os ilotes de moradas fidalgas e eclesiásticas, formando a linguaxe burlona.

Os fidalgos e labregos de aldea non foron público ou tardaron en selo, e sempre imperfectamente. Para existir é imprescindible a "forma" e o público adquírea e fortalece no tumultuoso e apaixonado das festas relixiosas e profanas: procesións, enterros, xuras reais, publicación de leis, castigos e condenas, espectáculos... fortalecen a rúa e só na rúa ten o seu fondo.

No segundo terzo do século XIX comeza a cidade a incorporar o sector correspondente ao río Miño.

A nova existencia comercial do século XIX, tanxente ao núcleo da cidade e máis tarde, a atracción do ferrocarril provocaron o extraordinario desenvolvemento da rúa do Progreso.

## II. "Composiciones y formas de circulación; el ciclo anual y el ciclo diurno".

Durante este período, a fisonomía da rúa ourensá vai pasando da distinción aparente de clases, da case ausencia de señorras, da maior densidade da vida labrega á lentitude e sentido do grupo, os pregóns, a submisión ás variacióhs anuais e diurnas á confusión de clase, a presenza de señorras, o decrecer dos aspectos rurais, a rapidez de movementos e menor sentido de grupo. A presenza de seminaristas nas rúas.

As formas de agrupación momentáneas, transitorias, cambian no transcurso do tempo. Circúlase máis amodo e cun maior sentido da composición dos grupos, segundo determinadas gradacóns de respectabilidade.

A xente (mulleres e anciáns) asomábase moito ás ventás. Os señores, cada vez con menos vinculación co mundo rural, movíase con sentido escenográfico. O Espolón, as rúas do Instituto e da Paz eran en certas horas absolutamente súas. As tertulias á porta dun comercio, dunha farmacia, do despacho con ventá

baixa dun avogado, distinguíanse dos paseos dos días soleados de inverno das estradas e camiños abrigados. Case todas as familias fidalgas posuían viñas nos arredores da cidade. As tertulias formábanse por afinidades políticas (a do Méndez, na rúa da Paz; a do Seara, na Praza; a de don Benito Fernández Alonso, dos intelectuais, no comercio da Praza; a do comercio de Bobo, na praza das Damas).

O ciclo anual, cambiante na primeira metade do século, está marcado polas festas relixiosas (a de San Lázaro, a da Semana Santa) e o verán, cando non había seminaristas e a xente ía ás augas, á praia, ás aldeas, ás vendimas, ás matanzas, etc.

O ciclo diurno comezaba coa campá de prima, chegaban logo as rianxeiras e os campesiños, coas xeadas de inverno e o frescor do verán. As vellas señorras que ían á misa, ao mercado, as mulleres coas olas de auga da Burga, os comerciantes, os funcionarios, os ritmos distintos de cada rúa, as pousadas, cocheiras, corte, etc. A evocación da vida na rúa é constante, os sons, a color, etc.

En "Problemas de Xeografía galega" (1927), en 34 páxinas, fai unha análise descriptiva da xeografía, sociedade e etnografía da parroquia de Trasalba, achega ao Congreso de Xeografía do Cairo de 1925 que serviu de modelo para outros traballos como Terra de Melide, Santa Marta de Velle, Calvos de Randín, Castro Caldelas, Santa Marta de Moreiras, etc. É a resposta á súa proposta de que antes de facer traballos de grandes sínteses de conxunto hai que comenzar por estudos globais sobre realidades locais.

As biografías de persoeiros e amigos son outra contribución ao coñecemento de Ourense.

Esta lixeira visión das obras históricas sobre Ourense amosa as indubidables achegas de Otero no campo da historia local. Foi un precursor no tratamento da historia local, que triunfou nos anos setenta do século XX, da xeografía urbana, a que lle dedicou moitas evocacións e horas, logo seguido por Ferro Couselo en "Visión urbanística del Orense antiguo", do ano 1955, e por outros moitos escritores de hoxe en día. Intuía a importancia do estudo da

desamortización para o coñecemento da economía e da sociedade posteriores. Pasou dun tipo de historia romántica a apreciar os documentos para fundamentar a historia científicamente. Moitas das súas evocacións e datos espallados pola súa obra son hoxe fonte inapreciable na que bebemos moitos. Este foi o Ourense que viu, que sentiu, evocou, amou e que nos deixou don Ramón ■

## Bibliografía

- “Problemas de Xeografía Galega. Notas encol das formas de po-boazón labrega”, Nós, A Coruña, 1927.
- “Estampas d’Ourense a medeados do século a XVIII”, 1927.
- “Unha impresión da Galicia do sul no derradeiro ano do século XVIII”, *Seminario de Estudios Gallegos e Nós*, 1928-9, nº 60-61.
- “Jurisdicción de la Encomienda de Beade sobre S. Juan de Ribadavia”, CEG, 1946.
- “Un pleito jurisdiccional entre la Mitra de Orense y los benedictinos de Chantada”, 1949.
- “Os cabaleiros da espora dourada”, *Galicia*, 448, Buenos Aires, 1950; Juan Manuel Bedoya Selección y estudio, Santander, 1950.
- “Un intento inédito de historia local”, CEG, 1951.
- “Ensaya sobre las nominaciones fisiognómicas de la calle orensana durante medio siglo”, CEG, 1952.
- “La reposición del antiguo régimen en Orense en 1823”, CEG, 1953.
- “Noticias sobre el Campo Santo y algunas ermitas de Orense”, A Coruña, 1955.
- “Ensaya sobre la desamortización eclesiástica en tierras de Orense”, Madrid, 1955, CEG, nº 30.
- “Notas sobre el puente mayor de Orense (1820-1874)”, 1956.

“Florentino Cuevillas ou a fidalguía ourensá”, *Homenaxe a Florentino López Cuevillas*, Galaxia, Vigo, 1957.

“Exportación de cera de Orense a fines del XVIII y comienzos del XIX”, CEG, 1958.

“Orense y las tierras orensanas en el siglo XIX”, CEG, 1959.

“La Iglesia y la vida religiosa en Orense durante el siglo XIX”, 1960.

“Algunas notas sobre la economía de Orense y su provincia a fines del siglo XVIII”, 1960. “Producción y comercio de linos y lienzos”, CEG, 1961.

“Notas para la historia de la Encomienda de la Batundeira de la Orden de Alcántara en el entorno de Orense”, 1961.

“La Encomienda de Beade de la Orden de Malta”, CEG, 1963, XVIII, 57-91.

“Formas y expresiones de la cultura de Orense durante el siglo XIX”, 1968.

*El Padre Feijoo. Su vida, doctrina e influencias*. Ourense. Deputación Provincial. 1972. É un voluminoso monumento á erudición relativo ás polémicas doutrinais daquel momento. Fundamental para o coñecemento das ideas de España en esa etapa.

Orense, Santiago, 1973. Guía turística.

*Florentino Cuevillas*. Vigo, Galaxia, 1980.

Estudos sobre Feijoo, 1965.

Grial 52, 1976.

CEG, XXX, 1978-80.

Ramón Otero Pedrayo. *Temas ourensáns*. Escolma de traballos de investigación referidos a Ourense e as súas terras. Ourense, Fundación Otero Pedrayo-Caixa Galicia, 1996.

Quintana, X. R. e Valcárcel, M. *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*. Ir Indo, Vigo, 1988.